

VIERNES, 28 de octubre de 2011

REPORTAJE: ROLDA DAS LETRAS | LUCES

Tempo de devalar

Poucas novidades literarias, pero novas achegas ao universo de Rosalía de Castro

DOLORES VILAVEDRA | 28 OCT 2011

Somos moitas as persoas que nos congratulamos de que a Fundación Premios da Crítica retomase o seu camiño, con máis pulo ca nunca, xa que non estamos sobrados de plataformas institucionalizadoras da nosa cultura que gocen de tanta tradición coma esta. Pois ben, pareceume ben significativo que o Premio da Crítica Galega na modalidade de creación literaria fose para un poemario, *Estrema*, de Ana Romaní, sendo como adoita ser a lírica un xénero discreto e pouco mediático, afeito á teimuda supervivencia dos que nada teñen que perder. Máis alá da indubidable calidade do libro, a decisión do xurado fíxome pensar que se cadra iso é o que precisamos nos tempos que corren: menos espaventos e máis fondura e teimosía, menos dispersión e máis claridade nas metas. Neste outono en que asistimos impotentes ao devalar de tantas certezas, botamos de menos máis voces poéticas de nós que se ergan para abrir fiestras de esperanza, para acompañarnos no descenso aos infernos, para clamar a imprescindible rebeldía, e é mágoa que non atopemos nada disto nas últimas entregas poéticas de Espiral Maior, esclerosadas de convencionalismo.

- Gratificantes agasallos. Mentres, Álvaro Cunqueiro volve falar inglés: *Folks from here and there*, en coedición da Xunta e Small Stations Press, traducidos por Kathleen March. Se unha non é quen de opinar sobre a tradución, que debeu supor todo un desafío, si que pode celebrar a continuidade dun proxecto coma este, a colección Galician classics, inaugurada hai pouco por Lois Pereiro, quen agora goza da compañía do mindoniense. Ambos e dous configuran o anverso e o reverso dunha óptima tarxeta de presentación da nosa literatura.

Reaparece outra volta a *Revista de estudos rosalianos*, agora no seu número 4, e unha non deixa de sorprenderse das dificultades que ten que afrontar para materializarse un proxecto coma este. Calquera outro país tería feito dunha autora coma Rosalía a mellor embaixadora cultural; aquí releámoslle as cadelas precisas para o estudo e difusión da súa obra e a súa memoria. Voltando á revista, ten o mérito de ser quen de conxugar o rigor científico e a erudición dalgúns dos seus traballos cun alento máis divulgativo que a fai interesante para públicos ben amplos: só teñen de ter en común o feito de ser rosaliófilos. Rosalía é inesgotable; tanto, que non sería mala idea dedicarlle outra volta o Día das Letras Galegas 2013. Lembren que se cumpren 150 anos da publicación dos seus *Cantares* e da institucionalización do Día das Letras Galegas. E, postos a recoñecer o carácter de efeméride que o 17 de maio ten, explotémolo en toda a súa dimensión. Velaquí vai a idea, para quen a queira recoller. Paga a pena reler Rosalía cunha ollada do século XXI, paga a pena presentarllela ás novas xeracións, paga a pena exportala: Rosalía de Castro, Día das Letras Galegas 2013.

E por seguir debullando o asunto das efemérides, paso a comentar o froito logrado do que é proba dunha axeitada colaboración entre institucións: refírome ao proceso que, liderado polo Consello da Cultura Galega, puxo en marcha en 2010 unha dinámica de iniciativas de diversa índole en torno á figura de Luís Seoane, igual ca este ano fixo coa de Cunqueiro. Pois ben, non hai nada que saíu do prelo *Emigrante dun país soñado. Luís Seoane entre Galicia e Arxentina*, un volume que recolle os textos presentados no Congreso internacional adicado ao

artista e intelectual. Estas actas inciden na *dobre cidadanía* que marcou a vida de Seoane e, xa que logo, tentan casar as dúas beiras do Atlántico nunha ollada partillada que constrúe un Seoane único, aínda que visto dende os dous mundos que determinaron o seu esgazamento e mestizaxe, trazos que se cadra foron os que o converteron nunha figura xenial. De certo, estas actas -como aconteceu, por exemplo, no seu día coas do congreso rosaliano de 1986- marcarán un antes e un despois no coñecemento do creador e o cidadán Seoane.

Pola súa banda Biblos agasállanos, nesa colección Mandaio que tantas veces agocha pequenas alfaías, con *Galego de lei* do mozo investigador Francisco Maseda, quen nos achega á figura de Diego Sarmiento de Acuña, I conde de Gondomar, amosando que o rigor no manexo da documentación histórica non é incompatible coa amenidade narrativa á hora de debuxar o retrato cativador dunha figura emblemática, modélica para calquera país que se queira a si mesmo algo máis ca o noso. Velai o froito dunha rigoroso pescuda que se le mellor ca moitas novelas.

Laiovento dá un paso á fronte nesa arela que tantas persoas partillamos de achegar Galicia e Brasil presentándonos en *O conto brasileiro contemporáneo*, 21 relatos doutros tantos escritores e escritoras que se deron a coñecer a partir de 1990. Non pretende ser esta unha colectánea desas do tipo "os mellores contos brasileiros de hoxe" senón un estaribel dende o que amosar unha literatura vizosa e orixinal. Os responsables da escolma son o escritor brasileiro Luiz Ruffato e a profesora galega Carmen Villarino: sen mexericadas, sen polémicas esterilizantes, escoitamos en directo, na súa propia lingua, voces como as de Cíntia Moscovitch, Marçal Aquino, Milton Hatoum ou Adriana Lunardi, por citar só algunhas. Todo un *test* para medir a dispoñibilidade do público galego a ler en portugués (ben, en brasileiro) e tamén unha decisión que ten moito de pedagóxico.

Motivo de satisfacción é tamén a aparición de *A obra dramática de Roberto Vidal Bolaño* de Xosé Manuel Fernández Castro, síntese da tese de doutoramento homónima que o autor defendeu en 2007. O libro, de máis de 500 páxinas, organízase en dúas partes relativamente equilibradas: mentres que a primeira propón un estudo panorámico da traxectoria profesional e da produción teatral de Vidal Bolaño, o segundo céntrase na análise polo miúdo de *Agasallo de sombras*, considerada polo autor da monografía como "a primeira superproducción do teatro institucional plenamente orixinal", análise que aborda dende un modelo dramatolóxico que supón a posta en práctica dunha hermenéutica da integración de vontade totalizadora. O traballo de Fernández Castro, no seu rigor e profundidade, vén poñer de manifesto unha vez máis algo que en certos ámbitos é xa un clamor: a urxencia de dispormos dunha edición da obra completa de Vidal Bolaño feita por un equipo de especialistas e seguindo criterios coherentes e rigorosos. A calidade do seu teatro non é merecente de que o teñamos que ler nas condicións en que hoxe o estamos a facer (cando podemos conseguir os libros, claro).

- Novidades narrativas. Fanse escasas, se cadra porque os editores agardan tirar a casa pola ventá na campaña de Nadal. Mentres, e para ir abrindo boca, o tan desexado libro 3 de *1Q84* de Murakami que, por desgraza, decepciona. Só en ocasións moi puntuais (por exemplo, cando narra o reencontro dos protagonistas no parque) consegue desta volta o escritor xaponés recrear a maxia do mundo paralelo que habitaban Tengo e Aomame nas anteriores entregas, se cadra porque a trama vira con rotundidade cara ao pseudopolicial, se cadra polo protagonismo que gaña o personaxe de Ushikawa, ben máis anódino ca os protagonistas ou mesmo ca secundarios como Eriko ou Tamaru.

Fran Alonso reaparece cos relatos de *Ninguén* para seguir a desenvolver algún dos seus temas preferidos: a incomunicación da vida urbana, neste caso potenciada polo abuso da tecnoloxía. Intercalados entre as historias reproducense *hoax* ou loias informáticas que circulan por correo electrónico, aparentemente relacionados cos argumentos de cada relato pero que non engaden nada máis alá do puramente anecdótico. Pola súa banda, Pere Tobaruela explora en *Poñente* un mundo aínda ausente da nosa literatura: o dos industriais cataláns que no século XIX desenvolveron nas nosas costas a industria da salga. Artellada en dous planos temporais diferentes, a novela lévanos dende o conflito dunha muller de hoxe en pleno proceso de cuestionamento da súa identidade sexual a descubrir as orixes dunha saga

de fomentadores e as circunstancias do seu asentamento en Galicia, un tema engaiolante no que aínda queda moito por afondar. Oxalá que Tobaruela se anime a seguir a explotar o filón que acaba de descubrir.